

Navia, 3 de abril do 2013

Estimado/a socio/a:

Pola presente convocámolo á próxima asemblea xeral ordinaria, que terá lugar o vindeiro domingo, 28 de abril no auditorio desta asociación veciñal nas horas e orde do día que a continuación se indican;

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Primeira convocatoria: 11,00 horas.

Segunda convocatoria: 11,30 horas.

ORDE DO DÍA

- 1º.- Lectura e aprobación se procede da acta da reunión anterior.**
- 2º.- Informe de xestión das distintas vogalías.**
- 3º.- Informe económico do ano 2012, e presuposto para o ano 2013.**
- 4º.- Rogos e preguntas.**

Aproveitamos esta circular para recordarlles que todos os luns de 10,00 da mañá ata as 13,30 horas, está na oficina desta asociación unha Asistente Social á que poden acudir todos os veciños desta parroquia en demanda de:

- Atención social e servizos de información e axuda no fogar para persoas con dependencia.**
- Información, orientación e axuda para tramitación da RISGA, (Renda de integración social de Galicia.)**
- Información e asesoramento sobre axudas de emerxencia social.**
- Información e asesoramento na tramitación de programas de lei de Dependencia.**
- Calquera outro tema de ámbito social que se preséntese.**

Así mesmo informámoslle das distintas actividades que se están a desenvolver nas dependencias desta asociación e ás que invitamos a todos os veciños/ás a participar, xa que dispoñemos dun amplo abano que poida satisfacer a todos os gustos, para o cal poden pasar pola oficina desta asociación, de 17,00 a 21,00 horas, onde se dará toda a información necesaria.

Como é de costume agrádese todo tipo de colaboración e suxestións que poidan achegar os socios/ás, co fin de mellorar a actuación e o servizo que se poida ofrecer.

Un tema importante sería que os socios/ás nos facilitasen o seu correo electrónico a través do cal poderíamos facerlles chegar con puntualidade a información que puidese ser do seu interese.

A XUNTA DIRECTIVA.